

**ACTA DA SESIÓN Nº 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR
PROCEDEMENTO ABERTO PÚBLICO: CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE MONTAXE DE STANDS,
MOQUETA, TARIMA, CARPAS, MOBILIARIO, COMPLEMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVICIOS
ACCESORIOS (REF.: 6006/2009-01)**

DATA: 15 de abril de 2009

LUGAR: Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

- D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente
- D. Carlos Mato Montoto (Director de Infraestrutura e Servizos), Vogal
- D. Miguel Sánchez Varela (Coordinador da área Comercial), Vogal
- D^a. Silvia Regal López (Coordinadora da área de Comunicación e Marketing), Vogal
- D. Manuel Bernárdez Carbón (Responsable de Compras), Secretario

Reunidos os membros arriba indicados, procédese a constituír a Mesa de Contratación para o estudio e proposta de contratación do expediente enriba referenciado.

Procédese a apertura e valoración dos documentos contidos no sobre "A", sendo as ofertas presentadas as seguintes:

1. PERSPECTIVA Y GESTIÓN FERIAI, S.L.
2. EVENTOS LINEXPO, S.L.
3. M^a DOLORES MARTINEZ-VARA DE REY, S.A. (MARVA)
4. JET STAND. MONTAGEM STANDS FEIRAS EXPOSIÇÕES, LTD.
5. MAXISTANDS NUEVO DISEÑO, S.L.L.


Da apertura e exame da documentación administrativa contida no sobre "A" dos ofertantes compróbase o seguinte:


1. PERSPECTIVA Y GESTIÓN FERIAI,S.L.- Presenta toda a documentación esixida.

2. EVENTOS LINEXPO, S.L.- Revisada toda a documentación denótase ausencia de Poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e declaración responsable de non existencia de débedas tributarias ou doutro tipo coa Comunidade Autónoma de Galicia.
3. M^a DOLORES MARTINEZ-VARA DE REY, S.A. (MARVA).- Inscrita no rexistro xeral de contratistas co número 1358, presenta toda a documentación esixida.
4. JET STAND. MONTAGEM STANDS FEIRAS EXPOSIÇÕES, LTD.- Revisada toda a documentación denótase ausencia de Poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, declaración responsable de non existencia de débedas tributarias ou doutro tipo coa Comunidade Autónoma de Galicia e acreditación da súa solvencia Económica e Financeira conforme ó apartado 12 dos pregos.
5. MAXISTANDS NUEVO DISEÑO, S.L.L.- Inscrita no rexistro xeral de contratistas co número 2084, debe acreditar a súa solvencia técnica ou profesional conforme ó apartado 13 dos pregos.


Visto o anterior, a Mesa de Contratación considera necesario solicitar aos ofertantes a subsanación dos defectos emendables e a aportación da documentación correspondente, de acordo co establecido no artigo 14 dos pregos “Unha vez concluído o prazo sinalado para a presentación de ofertas, a Comisión de Selección examinará e calcificará a documentación aportada, podendo conceder un prazo de subsanación non superior a 3 días hábiles, exclusivamente para a corrección de erros ou defectos materiais e subsanables no tocante á Documentación contida no Sobre A; con apercibimento de exclusión definitiva do licitador que nese prazo non realice a subsanación.”

E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende

Presidente

D. Carlos Mato Montoto

Vogal

D. Miguel Sánchez Varela




Vogal

D^a. Silvia Regal López



Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón



Secretario